



1. DATOS IDENTIFICATIVOS DA DISCIPLINA	
CÓDIGO	
MATERIA	Sistemas de Interpretación
DISCIPLINA	Interpretación II
TITULACIÓN	Título Superior en Arte dramática
ESPECIALIDADE	Dirección escénica e Dramaturxia
ITINERARIO	
CURSO	2º (Primeiro cuadrimestre)
CRÉDITOS ECTS	2,5
CARÁCTER	Obrigatorio
DEPARTAMENTO	Interpretación
CENTRO	ESAD de Galicia
COORDINADOR/A	María Francelina Crespo Méndez
DOCENTES	Nome e apelidos: Ernel Morales Ramón Horario tutorías: https://esadgalicia.com/curso-escolar/ Despacho: D 3 Contacto: emelmorales@edu.xunta.gal
DESCRICIÓN	Principios teóricos e dimensión práctica dos procedementos e dos recursos expresivos do/da actor/actriz. Aplicación de diferentes estilos e métodos interpretativos na perspectiva da dirección escénica e da dramaturxia.
COÑECEMENTOS PREVIOS	Convén que teñan cursado Interpretación I
LINGUA EN QUE SE IMPARTE	Galego X Castelán X Inglés
2. COMPETENCIAS	
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS DA TITULACIÓN	
T1	Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora.
T2	Recoller información significativa, analízala, sintetízala e xestionala adecuadamente.
T3	Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza.
T6	Realizar autocritica cara o propio desempeño profesional e interpersonal.
T7	Utilizar as habilidades comunicativas e a crítica construtiva no traballo en equipo.
COMPETENCIAS XERAIS DA TITULACIÓN	
X1	Fomentar a autonomía e autorregulación no ámbito do coñecemento, as emocións, as actitudes e as condutas, mostrando independencia na recollida, análise e síntese da información, no desenvolvemento de ideas e argumentos dunha forma crítica e na súa capacidade para a propia motivación e a organización nos procesos creativos.
X2	Comprender psicolxicamente e empatizar para entender e sentir as vidas, situacións e personalidades alleas, utilizando de maneira eficaz as súas capacidades de imaxinación, intuición, intelixencia emocional e pensamento creativo para a solución de problemas; desenvolvendo a súa capacidade para pensar e traballar con flexibilidade, adaptándose ás demais persoas e ás circunstancias cambiantes do traballo, así como a conciencia e o uso saudable do propio corpo e o equilibrio necesario para responder aos requisitos psicolxicos asociados ao espectáculo.
X3	Potenciar a conciencia crítica, aplicando unha visión crítica construtiva ao traballo propio e ao dos demais, e desenvolvendo unha ética profesional que estableza unha relación adecuada entre os medios que utiliza e os fins que persegue.
X6	Desenvolver unha metodoloxía de traballo, estudo e investigación encamiñada á autoformación na propia disciplina, procurando ámbitos axeitados para a formación continuada e para adaptarse a diversas situacións, especialmente ás derivadas da evolución da súa profesión.

X8	Vincular a propia actividade teatral e escénica a outras disciplinas do pensamento científico e humanístico, ás artes en xeral e ao resto de disciplinas teatrais en particular, enriquecendo o exercicio da súa profesión cunha dimensión multidisciplinar.	
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DA ESPECIALIDADE		
ED1	Concibir propostas escénicas que fundamentan o espectáculo, xerando e analizando conceptos, textos e imaxes e valorando as súas propiedades representativas e a súa calidade estética.	
ED2	Proxectar a composición do espectáculo, utilizando todos os coñecementos estéticos e técnicos necesarios sobre as diferentes linguaxes e códigos que participan na representación.	
ED3	Planificar e conducir o proceso xeral de creación do espectáculo, aplicando a metodoloxía de traballo pertinente.	
3. OBXECTIVOS DA DISCIPLINA		COMPETENCIAS VINCULADAS
1.-- Proporcionar aos alumnos/as coñecementos básicos na arte da interpretación.		T1, X2, X6, X8,ED2
2.-- Capacitar ao alumno/a na aprendizaxe de mecanismos psico--físicos que lle permitan coñecer e tomar conciencia do seu instrumento.		T1,T2,T3,X1,X2,ED2
3.-- Dotar ao alumno de recursos para poder afrontar diferentes códigos interpretativos, xéneros, estilos ou tendencias..		T1,T2,T3,X6,,ED1,ED2
4.-- Desenvolver a percepción de conxunto, capacitando ao alumno/a para interaccionar, sentir e percibir a presenza do conxunto no individuo e do individuo no conxunto: o todo e as partes		T1,T2,T3,T6,T7,X1,X2,X3,X6,X8,ED1,ED2
5.-- Coñecer os principios básicos da técnica da actuación naturalista. Diferentes técnicas e autores.		T1,T2,T3,X1,X2,X6,X8,ED2,ED5
6. -- Capacitar ao alumno/a para relacionar a teoría da interpretación coa súa práctica.		T1,T2,T3,X1,X2,X6,X8,ED1,ED2
7.-- Capacitar ao alumno/a para integrar o seu proceso creativo no ámbito escénico, nas relacións co seu partenaire e nas posibilidades para a dirección.		T1,T2,T3,X1,X2,X3,X6,X8,ED1,ED2
8. -- Desenvolver o sentido ético do actor/actriz e a autodisciplina no traballo.		T3,T6,T7,X2,X3,X6,X8,ED1,ED2
4. CONTIDOS		
TEMAS	SUBTEMAS	SESIÓNS
Contidos do curso escolar 2021-2022 da disciplina Interpretación I que se incorporan a esta programación	- Sistemas de Interpretación: . Traballo en equipo . Corporalidade e movemento	10 h
	- Prácticas de Interpretación: . Técnicas de improvisación I. . Achegamento á fala escénica	
1.-- Sistemas de Interpretación	1.1. Iniciación aos Puntos de Vista Escénicos 1.2. A acción dramática. 1.3. Procedementos de creación escénica.	15 h
2.-- Prácticas de Interpretación	2.1. Procesos psicofísicos en interpretación: 2.1.1. Atención, concentración, ritmo, espazo e tempo. 2.1.2. Acción-- reacción.	

	2.1.3. Improvisación.		
	2.1.4. A Estética Practica no "Mamet Speak"		30 h
TOTAL SESIÓNS			45 h
5. PLANIFICACIÓN DOCENTE			
Actividade / Número de horas	Presencial (horas)	Non presencial (horas)	Total
Actividades introductorias	2		2
Exposición maxistral			
Exposición práctico--teórica	5		5
Práctica individual	10	15	25
Práctica colectiva	10	5	15
Obradoiros			
Seminarios			
Actividades complementarias		10	10
Outros	3		3
Tutorías individuais	5		5
Tutorías de grupo	3		3
Actividades de avaliación. Probas	3		3
Actividades de avaliación. Presentacions / Mostras	4		4
Actividades de avaliación.. Revisión.			
TOTAL	45	30	75
PORCENTAXE	60%	40%	100%
6. PLANIFICACIÓN DOCENTE E METODOLOXÍAS DE ENSINANZA E APRENDIZAXE			
Actividades	Descrición		
Actividades introductorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado, así como a presentar a materia.		
Resolución de exercicios	Actividade na que se formulan exercicios relacionados coa materia. O/A alumno/a debe desenvolver as solucións adecuadas ou correctas mediante a exercitación de rutinas, a aplicación de procedementos de transformación da información dispoñible e a interpretación dos resultados.		
Práctica Individual	O/A estudante desenvolve prácticas específicas na aula baixo as directrices e supervisión do profesor. Pode estar vinculado o seu desenvolvemento con actividades autónomas do estudante.		
Práctica colectiva	Realización de actividades que permiten a cooperación de varias materias e enfrontan aos alumnos/as, traballando en equipo, a problemas abertos. Permiten integrar as competencias da materia e adestrar, entre outras, as capacidades de aprendizaxe en cooperación, de liderado, de organización, de comunicación e de fortalecemento das relación persoais.		
Tutoría en grupo	Entrevistas que os alumnos/as manteñen co/a profesor/a da materia para asesoramento/desenvolvemento de actividades da materia e do proceso de aprendizaxe.		
Tutorías individuais	Entrevistas que o/a alumno/a mantén co/a profesor/a da materia para asesoramento/desenvolvemento de actividades da materia e do proceso de aprendizaxe		
Actividades complementarias	Actividades relacionadas coa aprendizaxe da materia e que non se desenvolven no ámbito escolar. Asistencia a espectáculos, recollida de documentación, asistencia a rodaxes.		
7. ATENCIÓN PERSONALIZADA			

Seguimento	Farase un seguimento personalizado, facendo un análise de cada caso específico e resolvendo cada casuística do xeito máis axeitado.	
Orientación	Orientación respecto ás dúbidas e inqedanzas que xurdan en cada caso.	
8. FERRAMENTAS DA AVALIACIÓN		
8.1 Avaliación ordinaria		
Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Contidos 2022--2023. Por tratarse dunha disciplina progresiva e acumulativa, a avaliación das competencias adquiridas ven incluída nas ferramentas de avaliación propias de Interpretación II.		
Seguimento diario e asistencia.	T1,T2,T3,T6,T7, G1, G2, G3, G6, ED1, ED2, ED5	60%
Execución de traballos: Presentación de exercicios prácticos e evolución dos mesmos	T1, T2, T3, T7, G1, G2, G6,G8, ED1, ED2, ED5	30%
Exposicións orais e regulares dos contidos e temas traballados na aula.	T1, T2, T3, T6, G1, G3, G6, G7, ED5	10%
8.2. Avaliación extraordinaria		
Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Contidos 2022--2023. Por tratarse dunha disciplina progresiva e acumulativa, a avaliación das competencias adquiridas ven incluída nas ferramentas de avaliación propias de Interpretación II.		
Representación dunha escea ou peza breve de entre 15 e 20 minutos de duración que debe incluír polo menos dous intérpretes en total. A proposta debe ser comunicada a o profesor/a con dous meses de antelación previos a data do exame, dispoñendo o docente de 5 días hábiles para comunicar a súa aprobación.	T1,T2,T3,T6,T7, G1, G2, G3, G6, ED1, ED2, ED5	75%
Memoria escrita donde se expoña o proceso actoral do exercicio anterior, remitíndose sempre a os contidos, temas e subtemas da Guía. De entre 10 e 15 folios segundo os protocolos de edición e redacción contemplados polo centro.	T1, T2, G1, G6, G8, ED1, ED5	25%

8.3 Avaluación específica para alumnado sen avaluación continua / ordinaria / extraordinaria		
Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
As mesmos da avaluación extraordinaria	As mesmos da avaluación extraordinaria	A mesma da avaluación extraordinaria
9. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E OUTROS RECURSOS		
<p>Referencias básicas</p> <p>Chéjov, M (1999), <i>Sobre la técnica de la actuación</i>, Barcelona. Alba Editorial</p> <p>Knebel, M. O. (1999) <i>El último Stanislavski</i>, Madrid. Fundamentos.</p> <p>Stanislavski, C. (2003). <i>El trabajo del actor sobre sí mismo en el proceso creador de la vivencia</i>. Barcelona. Alba Editorial.</p> <p>Stanislavski. C. (2009), <i>El trabajo del actor sobre sí mismo en el proceso creador de la encarnación</i>. Barcelona. Alba Editorial.</p>		
<p>Referencias complementarias</p> <p>Chéjov, M. (2006) <i>Lecciones para el actor profesional</i>. Barcelona. Alba editorial.</p> <p>Knebel, M. O. (2004) <i>La palabra en la creación actoral</i>. Madrid. Fundamentos.</p>		